

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II

PAU 2026

Estimadas e estimados colegas:

Como sabedes, o curso pasado mantivemos reunións con representantes dos outros distritos universitarios co fin de chegar a acordos para homoxeneizar no posible as probas nos diferentes territorios. Eses acordos, que implican algúns axustes no modelo de exame (e talvez tamén en certos aspectos do temario) non se van aplicar, porque resultaría precipitado, neste curso, pero si terán efecto para a PAU 2027. Teredes toda a información pertinente antes do comezo do curso próximo.

Para este curso, polo tanto, non hai cambios no modelo de exame, no temario nin nas lecturas obrigatorias. Mantemos a mesma situación que no curso pasado.

O exame, como se pode ver no modelo, terá a seguinte estrutura (igual que a do último exame):

Pregunta 1, comprensión e expresión escrita (sen optatividade interna) (3,5 puntos)

- a) Resumo ou esquema (1 punto)
- b) Comentario crítico (2,5 puntos)

Pregunta 2, reflexión lingüística (2,5 puntos)

Catro apartados, para escoller dous (1,25 puntos cada un)

Pregunta 3, obra lida (2 puntos)

Dous apartados, para escoller un

Pregunta 4, historia da literatura (2 puntos)

Dous apartados, para escoller un.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

1. Como en anos anteriores, é vontade do grupo de traballo a de manternos en permanente contacto co profesorado da materia.
2. Non mantemos correspondencia coas alumnas ou alumnos. O alumnado debe dirixir as súas dúbidas ao profesorado dos centros nos que cursa 2º de bacharelato ou no que se matricula para as probas.

Vigo, setembro de 2025

Rosa Pérez

Directora do Grupo de traballo de Lingua castelá e literatura